

Outrasvozes

Revista **G**alega para a **S**olidariedade.

Nº 5 , Inverno do 95 . 250 pta



O vai e ven , ben , do 0'7%
As entranhas da paz en Irlanda
Doce páxinas, 12 , contra Bretton Woods

Outrasvozes

Inverno do 95

Outrasvozes é unha publicación editada polos Comités de Solidariedade (COSAL).

Estamos en...

Vigo: apdo. 8007

Ourense: apdo. 694

A Coruña: apdo. 2083

Santiago: apdo. 170

Telefonos: (986)204803 / (981)548255

DL: VG-337-93

Portada: G. Vilas. Maqueta: X. Dafonte.

Peche edición: xaneiro de 1995.

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, SL.

Impreso en papel ecolóxico

PONTOS DE VENDA DE OUTRASVOZES

A CORUÑA:

LIBRARIA COUCEIRO

Praza do Libro

CEE:

LIBRARIA E PAPELARIA TRAZOS

Rua A Pena, 12

O CARBALLIÑO:

A BODEGA

Rua Flores

OURENSE:

LIBRARIA RONSEL

Rua da Paz, 19

LIBRARIA TANCO

José Antonio, 70 (paseo)

LIBRARIA LA REGIÓN

Calvo Sotelo, 13 (paseo)

SANTIAGO:

QUIOSCO DOLORES

Rua do Vilar

LIBRARIA COUCEIRO

República do Salvador, 9

GALERIA SARGADELOS

Rua Nova

VIGO:

LIBROURO

Eduardo Iglesias, 12

LIBRARIA BABEL

Venezuela, 45

LIBRARIA SIRIUS

Travesía de Vigo, 17

MÉXICO 1994: DO ALZAMENTO (ZAPATISTA) Á CAÍDA (DO PESO)

Alberte Pagán

1 994 comezaba para os mexicanos con a entrada en vigor de un *Tratado de Libre Comercio* (TLC) que, dicían, ía solucionar os problemas económicos de México. Mas tamén comezaba con un levantamento indíxena e campesiño que cuestionaba tanto o TLC como a discriminación de un gran sector da poboación.

1995 comezou con un *Programa Económico de Emergencia* (PEE), presentado o 4 de xaneiro polo presidente Ernesto Zedillo, que contempla un duro axuste salarial, un paquete de axuda exterior de mais de dous billóns de pesetas e un recorte do gasto público que andará polos 90.000 millóns de pesetas. Todo isto despois de unha devaluación do peso, en decembro do 94, do 15%, que chegaría en xaneiro ao 50%. Unha devaluación tanto mais dura canto rompe con longos anos de estabilidade (ou aínda de sobrevaloración), a que significou unha redución do 50% do poder adquisitivo das traballadoras e traballadores. A Inflación, estimada oficialmente nun 4% para 1995, podería alcanzar un 20%.

Sabemos o que todo isto significa: un fracaso rotundo do TLC, e a porta aberta ás privatizacións. (ou é isto un éxito do TLC?): sectores como os caminos de ferro, teléfonos ou portos serán afectados polo programa de privatización. E o que é mais sintomático: PEMEX (*Petróleos Mexicanos*), nacionalizada por Lázaro Cárdenas nos anos trinta, e símbolo da independencia mexicana con respecto a EUA, tamén se verá afectada.

O EZLN (Exército Zapatista de Liberación Nacional), como forza desestabilizadora, ten muito que ver con esta situación, apesar de que a oficialidade (e meios afíns, como a revista *Nexos*, á que se lle deu espazo en xornais españois) tenta negar esta relación para restar-lle importancia á forza real dos zapatistas non só en Chiapas, senón en toda a República.

Sen ter disparado un só tiro desde o 12 de xaneiro de 1994, o EZLN desfrutou de un ano fructífero, e agora me explico: se ben é certo que a situación socio-económica dos campesiños chiapanecos (e de outros estados) non ten cambiado (bueno, si: agora hai mais presenza militar na zona), a nivel propagandístico e de denuncia os logros foron moitos.

Para unha comprensión dos acontecementos de este 1994 mexicano e zapatista, aconsellamos a lectura do número anterior de OUTRASVOZES, no que se recollen os comunicados do EZLN. Limitaremo-nos aquí a mencionar os momentos culminantes:

-O enfrontamento armado entre exército federal e

EZLN dura doce días. Despois da demostración de forza dos zapatistas, chega o cesamento do fogo e sentan-se as bases para unha futura negociación.

-O 19 de febreiro iníciase o diálogo para a paz entre EZLN e o comisionado do goberno Camacho Solís. Diálogo (que non negociación) que se rompe o 10 de marzo, principalmente por falta de vontade do goberno (e falta de capacidade de decisión de Solís).

-Do 6 ao 9 de agosto, pouco antes das eleccións presidenciais, celebra-se a Convención Nacional Democrática (CND), convocada polo EZLN, e que pretende dar cancha á sociedade civil para que se organice e continúe a loita de un xeito pacífico. Os puntos fundamentais da Convención son: formación de un Goberno de Transición á democracia, e creación dun Congreso Constituínte para a redacción de unha nova Constitución. O propio EZLN contará con delegados na CND, mas submeterá-se por completo aos ditados de esta. Facendo gala de unha gran flexibilidade, os zapatistas deixan a un lado as armas e os argumentos militaristas, para cederen o paso á sociedade civil de toda a república. Planifícase a resistencia civil en caso de fraude electoral.

-O 21 de agosto, eleccións presidenciais na República, e para gobernador en Chiapas. Gaña fraudulentamente, con pouco mais do 50% dos votos, o candidato oficial Ernesto Zedillo, o actual presidente, quedando Cuauhtémoc Cárdenas, candidato da esquerda, en terceiro lugar. En Chiapas, Amado Avendaño, candidato da sociedade civil, gaña a gobernatara, mas o candidato oficial é imposto, unha vez mais, fraudulentamente, como denunciou o EZLN.



Indíxena chiapaneco preparado para unha festa.

-O 1º e o 8 de decembro toman posesión dos seus cargos, respectivamente, Zedillo e Eduardo Robledo (en Chiapas este), en medio de protestas civís. En Chiapas constitúese un goberno alternativo, encabezado por Avendaño (dando corpo a aquel «Goberno de Transición á Democracia» solicitado na CND)- que se instalará e gobernará en 38 dos 110 concellos de Chiapas (aqueles baixo control zapatista).

-O 11 de decembro mobilízan-se as tropas zapatistas, rompendo o cerco militar. En campañas subseguintes tornan varios concellos chiapanecos. O exército federal responde incursionando-se, por vez primeira, na selva Lacandona. Despois de un tira e afrouxa, ambas forzas volven ás súas anteriores posicións: ninguén se que-re arriscar a un enfrentamento.

Todo isto salpicado de moitos asasinatos políticos, dos que saltaron á prensa internacional dous: o do

candidato á presidencia por parte do Partido Revolucionario Institucional (PRI), Luis Donaldo Colosio, en marzo; e o do secretario xeral do mesmo partido, Ruiz Massieu, en setembro; ambos a maos dos seus propios correligionarios, o que sacou á luz a descomposición interna e as loitas traxicidas dentro do partido de Estado.

E voltamos a este novo inicio de ano. Un novo 1º de xaneiro no que a guerra é protagonista, mas agora de un xeito latente aínda que tenso: o EZLN, que non acepta o goberno imposto en Chiapas, ameaza con retomar as armas, mas ofrece unha tregua até o 6 de xaneiro, que é ampliada por petición da sociedade civil. E a larva da guerra civil vai-se formando: por un lado, os campesiños, que amparados na forza do EZLN recuperan as súas terras por moito tempo en maos de latifundiarios; polo outro, os gandeiros e os latifundiarios, con unha longa tradición de abusos, e criadores das *guardias blancas*, auténticos escuadróns da morte responsábeis da morte violenta de milleiros de campesiños. E ambas forzas cos seus respectivos gobernos e exércitos paralelos: Avendaño e o EZLN por unha banda, Robledo e Exército Federal pola outra.

O conflito de intereses é tal que a tensión ten que romper por algun lado. O goberno mexicano sabe-o, de aí o inicio de conversacións directas co EZLN, o 15 de xaneiro, através do secretario de gober nación Esteban Moctezuma, e ante a presenza da Comisión Nacional de Intermediación. Os contactos interpartidistas para a democratización política serán tamén consecuencia disto. A CND e o EZLN, aínda que paulatinamente, foron asentando as bases das súas reivindicacións, que nun principio semellaban utópicas (pola forza aplastante do PRI-Goberno). Aí está este Goberno de Transición enraizando-se e collendo forza. O perigo é a división territorial e a localización do conflito, mas o esforzo dos zapatistas sempre foi o de globalizar as súas reivindicacións. ■



Portada do número especial de **OUTRASVOZES** no que se recollen, ao longo de mais de 140 páxinas, os comunicados, cartas, entrevistas, discursos... do EZLN. Para conseguir un exemplar, pon-te en contacto cos Comités de Solidariedade (COSAL) no apartado 170 de Santiago.